



 convivencianomilladoiro@gmail.com

COORDINADORA



CONVIVENCIA⁺

I.E.S. do Milladoiro

A caixa de correo de convivencia serve para recoller suxestións, situacións persoais, queixas, denuncias de agresións ou situacións conflitivas... que desexe facer o alumnado.

Estas solicitudes de intervención, presentadas por medio desta caixa de correo, serán aquelas para as que a persoa demandante non atopou outra canle máis directa e confidencial.

Na caixa de correo poderá depositarse o modelo facilitado no que se recollan:

- **A situación que te incomoda e que che gustaría mudar.**
- **Propostas de mellora da convivencia positiva no centro.**

Previamente á xestión das mensaxes da caixa de correo de convivencia, haberá unha primeira intervención das persoas compoñentes da Coordinadora de Convivencia para seleccionar aquelas mensaxes que polo seu contido ou características precisen ser dirixidas a outras instancias

A xestión das caixas de correo sempre vai a ser un proceso seguro e discreto, que garantirá a confidencialidade da información recollida a través deste medio e das investigacións posteriores.

Os escritos poderán obterse nos seguintes lugares:

- Nas columnas en revisteiros, a carón das caixas de correo.
- Na conserxería ou descarga na páxina web do centro, no apartado "convivencia".

SE NON SE TEN ESCRITO OFICIAL, PÓDESE EMPREGAR UN ESCRITO Á MAN

As caixas de correo están situadas na planta superior e na intermedia nas columnas centrais.